

ENTREVISTA A ALMUDENA GARCÍA VÁZQUEZ

A protagonista da nosa entrevista é unha rapaza , que polo simple feito de ser muller , todos nós temos reparado nela algunha vez, xa que ela é a única rapaza na historia do IES de Melide que se decidiu a cursar o ciclo de madeira.

- **¿Cómo te chamas ?**

- Almudena

- **¿De onde es?**

- De Arzúa

- **¿Cantos anos téis?**

- 19

- **¿Por qué te decidiches a facer este ciclo? ¿Animoute alguén ou foi cousa túa?**

- Foi decisión miña, pero animoume meu primo

- **Cando te decidiches a cursar madeira ¿Sabías que eras a única rapaza inscrita neste ciclo?**

- Si

- **¿Nalgún momento te arrepentiches de escoller esta opción?**

- Non

- **¿Algunha vez te sentiches desprazada polos teus compañeiros?**

- Non por parte dos meus compañeiros de primeiro, pero si polos de segundo

- (Nanda, profe) Porque os de segundo so machistas

- **¿Atópaste a gusto rodeada de tanta compañía masculina?**

- Si, moi a gusto

- **¿Hai algo que botes de menos dunha compañía feminina ao teu lado?**

- Non

- **¿Como ves o teu futuro profesional?**

- **¿Considérase en desvantaxe por ser muller? Nun futuro ¿en que**



te verías traballando?

- Considérome un pouco en desvantaxe, pero ao facer deseño, despois...xa non porque eu véxome diante dun ordenador deseñando mobles

- **Finalmente ¿se tiveses que dar un consello a todas aquelas rapazas que queren e non se atreven a facelo, cal sería?**

- Que se pasa moi ben aquí e que se animen, que aquí non comen a ninguén

Isto foi a nosa entrevista a Almudena. Grazas por contestar ás nosas preguntas e que sigas sendo sempre así de decidida

MARÍA CABANAS
LYDIA CORRAL B1B